

Expediente núm.: 1259/2020

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** ACHEQUES PARA ADQUISICIÓN DE ALIMENTOS E PRODUTOS DE HIXIENE BÁSICOS, PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL, POR MOR DO CONFINAMENTO POLO COVID 19

**Interesado:** \_\_\_\_\_

**Data de iniciación:** 24/03/2020

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou como emerxencia de saúde pública de importancia internacional a expansión do virus SARS-CoV-2 (COVID-19).

O Consello de Ministros, reunido o 10 de marzo de 2020, aprobou o Real Decreto- Ley 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública.

A través do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo de 2020, publicado no BOE nº 67 de 14/03/2020, declárase o ESTADO DE ALARMA en todo o territorio español durante un período de 15 días. O artigo 6 deste dispón que cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias no marco das ordes directas da autoridade competente para os efectos do estado de alarma e sen prexuízo do establecido nos artigos 4 e 5.

A vista do anterior

**Vista** a proposta de regulamento para a adquisición de alimentos e produtos de hixiene básicos, para persoas en situación de vulnerabilidade social, por mor do confinamento polo covid 19, a través dun cheque a canxear nos supermercados adheridos.

### RESOLVO:

**PRIMEIRO:** Aprobar o regulamento para a adquisición de alimentos e produtos de hixiene básicos, para persoas en situación de vulnerabilidade social, por mor do confinamento polo covid 19, a través dun cheque a canxear nos supermercados adheridos. Que quedaría como segue:

**“ COMPRA DE ALIMENTOS E PRODUTOS DE HIXIENE BÁSICOS POR PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL, A TRAVÉS DE CHEQUES CANXEABLES EN SUPERMERCADOS ADHERIDOS A CAMPAÑA**

### FUNDAMENTACIÓN,

Tendo presente a grave situación que se está a xerar a nivel nacional como consecuencia do “*coronavirus COVID-19*”, que afecta a toda a poboación, pero que resulta especialmente preocupante en determinados colectivos poboacionais e dando cumprimento á lexislación vixente e ás diversas indicacións que se están facilitando dende a Administración Estatal, Autonómica e Local, dende a Concellería de Políticas Sociais e Saúde do concello de Ribadeo preténdese garantir a cobertura de necesidades básicas á poboación que reúna maiores



factores de vulnerabilidade.

Dende o concello de Ribadeo somos conscientes dos sentimentos de “*incerteza*” nos que vive a veciñanza, sobre todo aquelas persoas que presentan maiores dificultades socioeconómicas, Ante tal situación, esta Administración Local articula actuacións de emerxencia social, co fin de contribuír a que as persoas residentes no termo municipal de Ribadeo teñan cubertas as súas necesidades básicas (alimentación e produtos de hixiene).

Considérase “*ingresos económicos insuficientes*” aqueles que non poderán exceder dos límites establecidos na seguinte táboa:

CONVIVENTES	LÍMITE DE INGRESOS
1	Ate o 100 % do IPREM
2	Ate o 120 % do IPREM
3	Ate o 140 % do IPREM
4	Ate o 160 % do IPREM
5	Ate o 180 % do IPREM
6	Ate o 200 % do IPREM
7	Ate o 220 % do IPREM
8	Ate o 240 % do IPREM
9	Ate o 260 % do IPREM

Excepcionalmente, e coa valoración favorable dos traballadores sociais, en casos de especial vulnerabilidade social poderase conceder a axuda aínda superando o límite económico establecido.

#### EN QUÉ CONSISTE?

Este recurso se concreta na entrega de vales, por un importe de 50 €, a aquelas persoas ou unidades familiares de convivencia que teñan uns ingresos iguais ou inferiores ao establecido na táboa anterior (agás as excepcións que se consideren tecnicamente dende o Departamento municipal de Servizos Sociais).

En función do número de membros da unidade de convivencia, os vales entregaranse con distinta frecuencia:

- **Si a unidade de convivencia está composta por 1 ou 2 persoas:** 1 vale cada 15 días. Os vales entregaranse no Departamento municipal de Servizos Sociais, previa chamada telefónica ao persoal técnico.
- **Si a unidade de convivencia está composta por 3 ou mais persoas:** 1 vale cada semana. Os vales entregaranse no Departamento municipal de Servizos Sociais, previa chamada telefónica ao persoal técnico.



O vale só pode adicarse á compra de produtos alimenticios básicos ou de hixiene nos establecementos que se acorden. A persoa usuaria adquiriría os produtos que precisase ata esgotar o crédito do “vale”. Pola súa parte, o comercio remitiríalle ao concello os xustificantes do gasto realizado pola persoa usuaria.

-----

### ANEXO

Establecemos no seguinte anexo un catálogo de produtos alimenticios e de hixiene básicos; este catálogo pode sufrir variacións en función das necesidades particulares de cada persoa (en canto a problemas de saúde que requiran a adquisición dun produto en concreto non contemplado nese listado, por exemplo; así teríamos a persoas celíacas, persoas diabéticas, persoas con alerxias alimentarias a lácteos, etc.)

Este listado sería complementario da relación de alimentos que distribuimos nos directamente.

PRODUTO ALIMENTICIOS E DE HIXIENE BÁSICOS
Pan
Patacas
Ovos
Polo
Carne de tenreira
Carne de porco
Peixe
Froita
Verdura
Queixo
logures
Leite en po para bebés
Xampú
Xel de baño
Produtos de hixiene persoal e/ou pañais para menores

“

**SEGUNDO.-** Trasladar o acordo, por correo electrónico, ós supermercados de Ribadeo para que, no prazo de 24 horas, resposten si se adhiren ó mesmo.

**TERCEIRO.-** Solicitar ós supermercados que se adheridos que nos remitan, a fin de mes, os xustificantes do gasto realizado xunto coa correspondente factura.

Acordao, mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, en Ribadeo a data da sinatura do que eu Secretario dou fe.



O ALCALDEO

Asdo.: Fernando Suárez Barcia

SECRETARIO EN FUNCIONES,

Asdo.: José Rodil Veiga

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

